

## **A asemblea de afiliados do PSOE de Ribadeo aproba por aclamación a candidatura encabezada por Roberto Ramos**

A lista será presentada publicamente esta semana, e Víctor López amosase satisfeito co resultado acadado. “Só nos queda seguir traballando, agora un pouco máis aínda, para lograr uns bos resultados no mes de maio”, afirma

**O candidato á alcaldía subraia que “isto ratifica a unión de todos os socialistas dentro deste proxecto de gobernabilidade para o Concello de Ribadeo que eu encabezo”**

**RIBADEO, 7 DE ABRIL DE 2015.**-A asemblea de afiliados do PSdeG-PSOE en Ribadeo, nunha xuntanza celebrada na tarde-noite de onte, aprobou por aclamación a candidatura para as eleccións municipais do 24 de maio encabezada por Roberto Ramos Piñeiro, e que será presentada publicamente esta semana.

Dado o éxito do resultado, o secretario xeral da agrupación local -Víctor López Pérez- explicou que “celebramos a asemblea extraordinaria, como así o mandan os estatutos do partido, para elixir á persoa que nos representará como candidato á alcaldía nas próximas eleccións municipais do mes de maio. Neste punto da orde do día poderían presentarse varios candidatos ou candidatas, pero soamente se presentou a candidatura por parte da executiva local, que, como xa fora anunciado, está encabezada por Roberto Ramos Piñeiro, quen presentou aos compoñentes que o acompañarán na lista”.

### **“A unión de todos os socialistas”**

Por este motivo, Víctor López amósase satisfeito. “Só nos queda seguir traballando, agora un pouco máis aínda, para lograr uns bos resultados no mes de maio”, afirma. Pola súa banda o alcaldable socialista recoñece as súa satisfacción pola aprobación que, “unida á decisión que tomou no seu día a executiva local que, por unanimidade, escolleume como candidato, podo dicir que isto ratifica a unión de todos os socialistas dentro deste proxecto de gobernabilidade para o Concello de Ribadeo que eu encabezo”.